

## CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á XUNTA DIRECTIVA DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

*De conformidade coa regulamentación contemplada no Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía e Saúde, a Xunta Directiva na súa xuntanza celebrada o 12 de maio de 2021 acordou realizar a **Convocatoria de Eleccións á Xunta Directiva da Sección** de acordo coas seguintes disposicións:*

### 1.- CONVOCATORIA E CELEBRACIÓN DE ELECCIÓNS

**a) Data e ámbito.-** Hoxe día 11 de agosto de 2021 envíase a todos os membros da Sección de Psicoloxía e Saúde a Convocatoria de Eleccións á Xunta Directiva da Sección, convocatoria que se efectúa con tres meses de antelación ao día da súa realización, no marco da Asemblea de Socios/as anual. A Asemblea de Socios/as anual que se celebrará o día 19 de novembro de 2021, venres, tratará na súa orde do día, ademais do proceso de elección da nova Xunta Directiva a memoria de xestión e o estado de contas da Sección, así como dos Comités Científico e Organizador das seguintes Xornadas Anuais de Psicoloxía.

**b) Cargos obxectos de elección.-** A Xunta Directiva estará constituída polos cargos previstos no Artigo 23 do Regulamento Marco das Seccións Profesionais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Os cargos electos son: presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a, tesoureiro/a e entre tres e cinco vogais.

**c) Duración dos cargos.-** Catro anos.

### 2.- DOS ELECTORES, ELIXIBLES E DAS CANDIDATURAS

**a) Lista dos/as colexiados/as con dereito a voto.-** Para todos os efectos electorais só serán electores e elixibles os/as colexiados/as adscritos/as ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e que estean acreditados/as pola Sección de Psicoloxía e Saúde e formen parte da mesma o día da Convocatoria das eleccións, é dicir, ata o día 11 de agosto de 2021. As comunicacións previstas ao longo de todo o procedemento electoral só se lle remitirán aos/ás mesmos/as e só estes/as estarán lexitimados/as para interpor

reclamacións e recursos sobre o proceso electoral.

**b) Candidaturas.-** As candidaturas constarán de listas completas e pechadas con expresión da persoa proposta para cada cargo. Poderán presentarse candidaturas no prazo de 45 días naturais contados desde o día da convocatoria de eleccións, é dicir, ata o 24 de setembro de 2021 inclusive, mediante escrito dirixido á Comisión Electoral. Ademais da expresión de cargos a candidatura pode incluír a proposta de programa para a Sección.

**c) Proclamación.-** A partir dos 45 días referidos no apartado anterior, e no prazo dos cinco días seguintes a Comisión Electoral constituída no momento da convocatoria de eleccións, proclamará as candidaturas validamente presentadas, rematando o prazo o día 1 de outubro de 2021 e notificándose a proclamación provisional a todos os membros da Sección.

Fronte a esta decisión e no prazo de cinco días a contar desde a proclamación de candidaturas, calquera colexiado/a membro da Sección poderá presentar reclamación á proclamación realizada, mediante carta dirixida ao presidente da Comisión Electoral. Esta Comisión resolverá nos seguintes cinco días as reclamacións realizando a proclamación definitiva das candidaturas.

A Xunta Directiva enviará a todos os membros da Sección, un mes antes das eleccións, información sobre as candidaturas definitivas e, se fose o caso, das súas propostas de programas.

### 3.- MESA ELECTORAL

A Mesa Electoral será elixida pola Asemblea de Socios/as da Sección no marco da súa reunión anual que se celebrará o venres, día 19 de novembro de 2021. Os cargos de elección serán: presidente/a, secretario/a, e dous/dúas vogais coas funcións que lle son propias.

... / ...

Tamén poderán participar nela un/unha interventor/ora por cada candidatura, con voz e sen voto.

#### 4.- DAS ELECCIÓNS

**a) Marco das Eleccións.-** As Eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde efectuaranse no marco da Asemblea de Socios/as anual, que será convocada polo presidente da Sección cunha antelación mínima dun mes á súa realización mediante comunicación persoal dirixida a todos os membros acreditados da Sección.

**b) Horario e local.-** Na comunicación persoal á que fai referencia o parágrafo anterior especificarase debidamente o horario e local onde se desenvolverá o proceso electoral.

**c) Procedemento de votación.-** Os membros da Sección exercerán o seu dereito ao voto nas papeletas oficiais autorizadas polo Colexio. O réxime electoral será equivalente ao contemplado nos Estatutos para a Elección da Xunta de Goberno, non se contemplará a delegación do voto e para o voto por correo certificado seguirase o procedemento establecido no Artigo 51 dos estatutos colexiais.

O escrutinio será público e terá lugar inmediatamente rematada a votación. Contabilizaranse os votos por candidatura completa, elixíndose a candidatura máis votada. Repetirase a votación no caso de empate entre candidaturas.

Serán nulas as papeletas que conteñan tachaduras, emendas ou modificacións que puideran inducir a erro e os sobres que conteñan máis dunha papeleta.

O/A secretario/a da Mesa Electoral co visto e prace do/a presidente/a da Mesa Electoral levantará acta do proceso electoral e das incidencias e reclamacións se fose o caso. No prazo de 24 horas o/a secretario/a remitirá ao presidente/a da Comisión Electoral a Acta da votación e a lista de votantes.

**d) Voto persoal.-** Mediante identificación e comprobación na lista electoral. O/A secretario/a da Mesa anotará na lista o/a colexiado/a que deposite o seu voto. A identificación efectuarase mediante DNI ou carné de colexiado/a, depositándose a continuación o voto na furna precintada.

**e) Voto por correo.-** Consultar as normas de voto axuntas.

#### 5.- NORMATIVA ELECTORAL

\* Regulamento de Réxime Interior da Sección de *Psicoloxía e Saúde*. Artigo 4: 4.1 e do 4.3 ao 4.9 (ambos os dous incluídos).

\* Regulamento Marco das Seccións Profesionais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Capítulo IV. Artigos 23 e 24.

• Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Capítulo VIII. Artigos 46, 47, 48, 50, 51, 52, 53 e 54.

#### 6.- RESULTADOS E RECLAMACIÓNS

A Comisión Electoral unha vez recibida a Acta de Votación:

a) Resolverá con carácter definitivo as reclamacións dos/as interventores/oras e demais incidencias que figuren na Acta.

b) Proclamará o resultado total das eleccións.

c) Os/As colexiados/as membros da Sección poderán presentar recurso de reposición contra as decisións da Comisión Electoral ante a mesma no prazo de 1 mes a partir da data de adopción da decisión recorrida, sen prexuízo dos demais recursos previstos na lei.

#### 7.- PROCLAMACIÓN DEFINITIVA

a) Será proclamada como nova Xunta Directiva a candidatura máis votada que tomará posesión nun prazo máximo de dous meses.

b) A Comisión Electoral comunicará os resultados das eleccións á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

En Santiago de Compostela a 11 de agosto de 2021.

**O PRESIDENTE DA XUNTA  
DIRECTIVA DA SECCIÓN DE  
PSICOLOXÍA E SAÚDE**